



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL

ISSN 1989-3299

Nº 860 Semana do 25 de novembro ao 1 de decembro de 2019

LOITA
polo TEU
ÚNETE

CENTOS DE PERSOAS EN TODA GALICIA DIN NON AO DESPEDIMENTO POR ENFERMAR

Pepe Álvarez manifestou na concentración da Coruña que a sentenza do TS falta aos principios fundamentais da Constitución española e do estado de dereito e cualifica a sentenza de cruel e inhumana

Redacción.- UGT e CCOO convocaron este mércores concentracións diante das sedes xudiciais da Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo para rexeitar que se poida despedir a alguén por enfermarse. As protestas convocáronse como reacción á sentenza emitida o pasado 16 de outubro polo Tribunal Constitucional, que permite o despedimento obxectivo por ausencias intermitentes ao traballo, aínda que sexan xustificadas.

Segundo os sindicatos, o Estatuto dos Traballadores ten desde hai case corenta anos un artigo (52.d) que permite isto. Porén, foi coa redacción dada pola reforma laboral de 2012 cando se endureceu substancialmente a súa aplicación, xa que suprimiu a referencia ao volume de ausencias totais no centro de traballo. Con isto, individualízase totalmente o cómputo e culpabilízase a persoa traballadora polo feito de exercer o dereito a unha recuperación efectiva no caso de enfermidades de orixe común, entre outros dereitos.

Para UGT, está demostrado que esta redacción só trouxo consigo inestabilidade para o mercado de traballo, máis precariedade e o fomento dos despedimentos. A sentenza do Tribunal Constitucional é un exemplo máis, pois consagra a preeminencia da produtividade e dos beneficios empresariais fronte aos dereitos dos traballadores e das traballadoras, como pode ser, o dereito ao traballo e a recuperar a saúde tras unha enfermidade. Por esta razón, ambas as dúas organizacións insisten na necesidade de derrogar a reforma laboral.

UGT aplaude a participación dos traballadores e traballadoras nestas

mobilizacións, tanto en Galicia coma no resto de España, xa que é importante que os maxistrados do Tribunal Constitucional coñezan ata que punto a súa sentenza é rexeitada pola cidadanía.



Desde os dous sindicatos insisten en que non desistirán ata devolverlle á lexislación do traballo o equilibrio que lle quitou a reforma laboral, e coidan «urxente e de xustiza» suprimir un precepto legal que ampara a discriminación contra as persoas cunha doenza, que culpabiliza á persoa traballadora e que impide exercer os dereitos dos traballadores e traballadoras, como o dereito á recuperación efectiva.

O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, que participou na concentración da Coruña, xunto cos secretarios

Continúa na páxina seguinte...



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

...vén da páxina anterior.

xerais de UGT-Galicia e UGT-Coruña-Cee, non dubidou en cualificar a sentenza do TC como cruel e inhumana. Engadiu que se trata dunha sentenza que falta aos principios fundamentais da Constitución española e do propio estado de dereito no que vivimos. Resulta incomprensible pretender castigar a un traballador por acumular 8

días de baixa en dous meses aínda que estes estén xustificados por un médico.

Considera que a sentenza vai contra o propio dereito internacional e contra as normas da UE. Por todo isto, UGT vai iniciar un procedemento xudicial para que a sentenza non se convalide dende un punto de vista xurprudencial neste país e sente así un

precedente moi perigoso.

Nesta mesma liña, UGT esixe ao novo Goberno que se constitúa que no seu primeiro Consello de ministros aprobe a derogación da tan estéril e daniña reforma laboral imposta polo Goberno do PP no ano 2012 e que traia consecuencias como a denunciada con estas concentracións, concluíu.

UGT UNIUSE Á MOBILIZACIÓN MASIVA EN TODO O PAÍS CONTRA LA VIOLENCIA DE XÉNERO

PARA UGT-GALICIA, A VIOLENCIA DE XÉNERO SEGUIRÁ MENTRES NON SE ELIMINEN AS DESIGUALDADES, INCLUÍDAS AS DO EIDO LABORAL

Redacción.- Co gallo do Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, que tivo lugar este luns, UGT-Galicia denuncia que esta lacra continúa, nalgúns casos incluso agudízase porque o Sindicato ten claro que a violencia de xénero existirá mentres non se eliminen a discriminación e a desigualdade de xénero.

O feminicidio segue a ser a manifestación máis evidente da desigualdade e a subordinación á que se ven sometidas as mulleres. O Estudo mundial sobre o homicidio, publicado no 2019 por Nacións Unidas, apunta que o 40% de todas as mulleres vítimas de homicidios no 2016 o foi a mans da súa parella, porcentaxe que sobe ata o 60% cando se inclúe a familiares entre os agresores. Mentres que neste ano ningún home foi vítima dun homicidio no ámbito da parella ou exparella. E, dentro do ámbito das parellas, as mulleres non só sofren violencia física, senón que tamén padecen violencia psicolóxica, sexual e económica.

O 90% das vítimas de conduta de acoso sexual son mulleres e un terzo deste acoso prodúcese no eido laboral

De feito, segundo o estudo "Violencia de xénero contra as mulleres" da Axencia de dereitos fundamentais da UE de 2014, o 90% das vítimas de condutas por acoso sexual son mulleres e un terzo deste acoso prodúcese no eido laboral. E os distintos estudos sobre este tema manifestan que as denuncias que se poñen relativas ao acoso sexual e por razón de sexo no traballo son unha infima parte dos casos que se producen na realidade. Dentro de todo isto tamén están as fórmulas de reprodución de violencia de xénero a través das novas formas de comunicación tecnolóxica.

Acabar coa desigualdade e coa discriminación é prioritario

Acabar coa desigualdade e coa discriminación é prioritario para poder combater a violencia contra as mulleres. Discriminación que sofren as mulleres, ata nos países máis avanzados, no acceso ao mundo laboral, nas retribucións, no tipo de ocupación e nos niveis xerárquicos que ocupan na escala laboral.

O número de asasinatos de mulleres a mans das súas parellas ou exparellas non para de medrar. Entre 2003 e 2019 foron asasinadas 61 mulleres galegas vítimas da violencia de xénero

Neste contexto, UGT-Galicia denuncia que o número de asasinatos de mulleres a mans das parellas ou exparellas, dos seus fillos e fillas e os orfos e orfas que deixa a violencia machista non paran de medrar. Entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 4 de novembro de 2019, 1.027 mulleres foron asasinadas nestas circunstancias, 61 delas, galegas. No 2018 houbo 50 mulleres vítimas en España, tres galegas e 7 menores asasinados e asasinadas como consecuencia da violencia de xénero. E quedaron 39 menores orfos e orfas. O 2019 non apunta mellor, a 4 de novembro 51 mulleres foron asasinadas e tres menores, e ata 41 menores orfos por estas circunstancias. Así, Galicia é a sexta comunidade autónoma onde máis asasinatos se produciron dende o 2003.

A protección no eido xudicial non é suficiente. O número de denuncias incrementase en Galicia nun 3%



Os datos son arrepiantes e UGT-Galicia considera que as mulleres que sofren estas circunstancias non contan coa suficiente protección no eido xudicial. Do total das denuncias rexistradas no 2018, en Galicia aparecen como vítimas de violencia de xénero 6.183, un incremento do 3% en relación a 2017.

Non obstante, os diferentes estudos que hai ao respecto conclúen que as mulleres que sofren violencia de xénero tardan moito tempo en pedir axuda e a miúdo o fan en situacións límite, tardando unha media de 8 anos e 8 meses. Entre as causas que impiden ou atrasan estas denuncias están o medo ao agresor, crer que poden resolver o problema soas, o medo ao procedemento xudicial ou a falta de recursos económicos propios.

540 denuncias en Galicia por agresión sexual, un 17,6% máis que no 2017. 56, vítimas de violacións, case cinco violacións ao mes

En relación aos abusos ou agresións sexuais, segundo os anuarios do Ministerio do Interior, en Galicia no ano 2018 as denuncias ascenderon a 540, un 17,6% máis que no 2017. Destas, 56 foron violacións, un 27,3% máis que no 2017, é dicir, case cinco violacións ao mes. De novo, existe

constancia de que as agresións sexuais que se denuncian son unha mínima parte das reais.

Preocupante o número de denegacións de ordes de protección, o 33,7%

En canto ás solicitudes de ordes de protección, a UGT-Galicia preocúpalle o número de denegacións. En Galicia o número de solicitudes denegadas supuxo o 33,7% das incoadas. De xaneiro a xuño de 2019 houbo en Galicia 957 solicitudes ordes de protección incoadas, 586 adoptadas, 357 denegadas e 14 inadmitidas.

Só o 9,2% das denuncias acabou en condena

En canto ás sentenzas condenatorias, no primeiro semestre de 2019 foron o 80,7% do total. Pero esta porcentaxe refírese ás 383 ditadas e non ás denuncias presentadas, 3.343, respecto ás que só o 9,2% acabou en condena.

Neste contexto, coa alta porcentaxe de denegacións de ordes e sobreseimentos e arquivo de denuncias, resulta difícil pensar como se pode pedir ás vítimas que denuncien, aínda que UGT-Galicia insiste en que teñen que facelo como parte do camiño para rematar con esta lacra. Resulta evidente que algo está a fallar na defensa e protección das mulleres que sofren violencia de xénero. A pesar dos lentos avances, a igualdade non chegou plenamente aos tribunais nin ás institucións.

UGT alenta ás vítimas a que denuncien e insta ao sistema a que garanta a protección e seguridade das vítimas

A pesar disto, UGT alenta a denuncia pero tamén insta ao sistema a que garanta

a protección e seguridade das vítimas que den o paso de denunciar.

O emprego é esencial para combater a violencia de xénero. O 82,5% das mulleres que sofren violencia son pouco independentes economicamente

Para o Sindicato, o emprego resulta esencial e imprescindible para combater a violencia de xénero, polo que é necesario mellorar a lograr a inserción laboral e o emprego de calidade para as vítimas. Aínda que a violencia de xénero dáse en todos os estratos económicos e sociais, no marco do Proxecto We go! Da UE (2016-2018), que levan a cabo diversos centros de varios países, incluída España, conclúese que o 82,5% das mulleres que sufriron violencia son pouco independentes economicamente. O 40,9% teñen traballo e o 59,1% están en desemprego. Só o 13,3% viven nunha csa que é da súa propiedade e o 73,7% teñen fillos e fillas ao seu cargo. O informe sinala tamén que o 71% das vítimas destaca o desemprego e a situación da precariedade como os principais freos para denunciar.

As medidas para a inserción están a ser pouco efectivas

A inserción laboral debería estar garantida por parte das administracións. Hai medidas e incentivos pero son insuficientes e en moitos casos pouco efectivos. De feito, segundo os datos recollidos polo Observatorio estatal de violencia sobre a muller, o total de contratos bonificados por violencia de xénero entre o 1 de xaneiro de 2003 e setembro de 2019 foi de 486 en Galicia, tan só o 0,02% do total da contratación feminina. E, ademais, nunha alta porcentaxe trátase de emprego temporal.

En canto ás axudas económicas, no primeiro semestre de 2019 rexistráronse

77 axudas de pagamento único, 318 de pagamento periódico, unha indemnización e 20 certificacións para incorporación ao programa de inserción laboral. No relativo ás mulleres galegas perceptoras da renda activa de inserción, o seu número foi decrecendo ano tras ano, se no 2015 eran 1.303, no 2018 pasaron a ser 1.109.

Acoso sexual no traballo e acoso por razón de xénero

No relativo ao acoso sexual no traballo e o acoso por razón de xénero, aínda que non hai datos oficiais en España, sábese que no marco das relacións laborais, segundo datos da Inspección de Traballo, entre 2008 e 2017, 2.666 persoas víronse afectadas por infraccións en materia de acoso sexual no traballo, e 2.170 por infraccións en materia de acoso por razón de sexo. Sumando os dous tipos, 1,25 diarias.

UGT-Galicia reclama contar con datos máis específicos nesta materia, o que facilitaría poder poñer enriba da mesa medidas para atallar esta violencia laboral. Urxen políticas eficaces que preveñan a combatan calquera fórmula de violencia contra as mulleres, incluídos o acosos laboral e sexista no traballo.

Tampouco se pode esquecer a ciber violencia e os discursos de odio online contra as mulleres. O estudo publicado polo Parlamento europeo en 2018 sobre esta materia apunta que as mulleres están ameazadas de xeito abrupto pola violencia no mundo dixital, de feito, recolle que o 20% das mulleres novas da UE sofren acoso cibernético (cyber sexual) e o 14% (cyber stalking) dende os 15 anos.

E esta é unha práctica tamén habitual no eido laboral e que se vai estendendo cada vez máis. UGT considera que, con independencia de que o Código Penal poida ser aplicado tamén no eido laboral, sería necesario contar cunha regulación específica nesta materia no eido laboral.

O Comité de Televés denuncia o despedimento de dous traballadores

Redacción.- O Comité de empresa de Televés (UGT, CCOO e CIG) denuncia o despedimento de dous traballadores. Os afectados teñen unha serie de problemas de saúde que en ningún momento lles impediu realizar o seu traballo, a pesar de que a empresa negouse a adaptar os seus postos de traballo de acordo coas súas limitacións, tal e como recolle a Lei de prevención de riscos laborais e outras leis e como en reiteradas ocasións solicitou o Comité.

O Comité non vai admitir que sufrir un problema de saúde sexa motivo de despe-

dimento e, moito menos, nunha corporación con 700 traballadores cunha situación económica saneada e solvente, e que a única solución que lle de a estes dous traballadores é despedilos despois de media vida traballando en Televés.

Este venres e o 2 de decembro terán lugar no SMAC sendos actos de conciliación nos que agárdase que a empresa reconsidere os despedimentos e ofrezca a readmisión aos traballadores afectados.

Se isto non é así, e como respaldou o pasado día 13 a asemblea de traballadores



de xeito unánime, abrírase un calendario de mobilizacións sen descartar chegar á convocatoria de folga.

PEPE ÁLVAREZ ENTREGA O PREMIO ROGELIA MARIÑA A MARÍA JOSÉ MARTÍNEZ PATIÑO

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, participou este mércores xunto ao alcalde de Santiago, Sánchez Bugallo e os secretarios xerais de UGT-Galicia e UGT- FICA, José Antonio Gómez e Pedro Hojas, na entrega do Primeiro Premio Rogelia Mariña outorgado a María José Martínez Patiño, doutora en Ciencias do Deporte, profesora da Universidade de Vigo no campus de Pontevedra e exatleta.

A María José Martínez Patiño retiróuselle o dereito para participar en probas de atletismo femininas debido a que a súa proba de cromatina sexual resultou negativa. Máis tarde, foi humillada publicamente cando participaba no Campionato de España de Atletismo de 1986 e foi expulsada do Equipo Olímpico español por “non pasar” as probas de verificación de xénero.

Durante a entrega do galardón, Pepe Álvarez explicou que María José empeñouse en demostrar a verdade. “Quería demostrar que esa “anomalía” que xeraba o seu corpo non lle concedía ningunha vantaxe e que aos controis do Comité Olímpico faltáballe rigor científico”.



Un exemplo para todos e todas

Álvarez destacou a valentía de María José á que definiu como “un exemplo para todos e todas. Unha muller deportista que mantivo unha loita sen cuartel contra os estamentos deportivos para demostrar quen era nuns anos e nunha sociedade aínda máis machista que a de hoxe. Unha loita dura e case solitaria”.

“Con 22 anos era unha das 3 españolas que participaron en Helsinqui (Finlandia) nos Campionatos do Mundo de 1983. Dous anos despois foi campioa de España de 60

metros valas establecendo o récord desta especialidade, pero non son as súas actuacións deportivas nin os seus récords (aínda que impresionantes) o que fixo que sexa hoxe a premiada. O que o xurado viu é a unha muller forte e valente, defensora dos seus dereitos e dos de todas as mulleres”, sinalou.

Os premios Rogelia Mariña pretenden ser unha homenaxe á súa figura e mostrar unha vez máis o apoio do sindicato á compañeira perseguida pola súa actividade sindical na empresa Sargadelos.

A CIDADANÍA DE FERROL, EUME E ORTEGAL MANIFESTOUSE POLA REINDUSTRIALIZACIÓN DA COMARCA

Redacción.- Ferrol acolleu este xoves pola tarde, coa participación dos secretarios xerais de UGT-Ferrol e UGT-Galicia, unha manifestación masiva na que a cidadanía das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal demandaron unha reindustrialización urxente para estas comarcas que, dende a mal chamada reconversión naval, atópanse sumidas nunha crise que a día de hoxe ameaza gravemente a este territorio, con consecuencias como a constante perda de poboación e un incremento exponencial do número de persoas en risco de pobreza ou exclusión social.

Dende o 2008 o descenso de empresas superou en seis décimas á media de Galicia, coa conseguinte perda de emprego. Isto acompañado do abandono das infraestruturas, cunha grave insuficiencia do transporte público, o que non axuda a vertebrar o territorio.

Estas comarcas precisan de medidas de choque urxentes que senten as bases dun novo modelo de desenvolvemento para este territorio.

Medidas para que Endesa poida seguir producindo durante un período de transición que permita o asentamento doutras actividades. Cubrir o baleiro da carga de traballo do naval e recuperar a construción civil.

Tamén urxe unha tarifa eléctrica estable para as industrias electro-intensivas. Unha liña de alta velocidade eixo atlántico Ferrol-Vigo. Potenciar os servizos FEVE, tanto para o transporte de viaxeiros como para o de mercaderías, na conexión lóxica con Bilbao e Europa.

Hai que diminuír as peaxes da AP 9, eliminando as do tramo Ferrol-Coruña. Ademais, é necesario potenciar a actividade do porto exterior.

Nesta manifestación tamén se reclamou diversificación industrial, apostando polas enerxías renovables, recuperando o edificado terrestre e mariño. No relativo ao sector marisqueiro, é preciso recuperar os bancos e



apoiar dende as administracións as canles de comercialización. No eido forestal, hai que impulsar o sector e apostar polo peche dos ciclos. Potenciar o turismo debe pasar pola recuperación do patrimonio histórico-artístico e arqueolóxico. Así, como aumentar as axudas para a rehabilitación dos barrios e conxuntos históricos.

As comarcas tamén precisan dun plan de emprego específico que incentive a fixación da poboación e políticas sociais axeitadas a esta situación socioeconómica comarcal de emerxencia.

SINDICATOS E PATRONAL ASINAN UN NOVO ACORDO DE RESOLUCIÓN EXTRAJUDICIAL QUE INCLÚE OS CONFLICTOS INDIVIDUAIS

Redacción.- Este xoves pola tarde, a sede do Consello Galego de Relacións Laborais acolleu a sinatura, por parte de UGT, CCOO e CIG e a CEG, dun novo Acordo galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo individuais e colectivos que da un paso máis coa intrusión, tan demandada, de resolución de conflitos de carácter individual, cumprindo así unha eiva existente.

Concretamente, o ámbito obxectivo na resolución dos conflitos individuais será os que se refiran á materia de discriminación directa ou indirecta por mor de xénero, raza ou etnia, relixión ou conviccións, diversidade funcional, idade ou orientación sexual no ámbito do emprego; os relativos a situacións de acoso no eido laboral; os que afecten á conciliación da vida persoal, familiar e laboral; os referidos ás vacacións; os derivados da decisión empresarial de atopar unha medida de mobilidade xeográfica ou de modificación das condicións de traballo que non teña carácter colectivo; as sancións impostas á persoa traballadora como resultado do exercicio da potestade disciplinaria recoñecida ás empresas, agás a de despedimento; en xeral, aqueles outros conflitos individuais entre persoa traballadora e empresa nos que, conxuntamente ao previsto na Lei 36/2011, do 10 de

outubro, reguladora da xurisdición social, non é obrigado a acudir á conciliación previa do SMAC. Ademais, nos procedementos rexidos por este acordo poderanse resolver, así mesmo, as reclamacións económicas derivadas das pretensións relativas ás materias sinaladas.

No acto de sinatura, o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, afirmou que este Acordo é un paso cara adiante, aínda que non pechado, para abordar máis materias de cara ao futuro, na materia pendente xa dende hai tempo da resolución dos conflitos individuais.

UGT vai seguir apostando por estes procedementos que son froito da madurez dos axentes sociais. Hai por diante unha importante tarefa para fomentar aínda máis a confianza na aplicación do sistema, estendéndoo o máximo posible e desenvolver o seu contido na negociación colectiva.

Para elo, o papel do CGRL é fundamental, non só para a solución extraxudicial de conflitos, senón para todo o que inclúe a negociación colectiva.



Neste senso, Gómez reiterou a aposta de UGT-Galicia polo CGRL que canaliza a participación social nos asuntos de carácter laboral, económico e social e que contribúe a mellorar o clima social, respectando sempre a autonomía dos axentes sociais que marca a Constitución española.

Finalizou afirmando que, ante un mercado laboral en constante cambio, é necesario reimaginar solucións ante os conflitos dun xeito máis áxil, rápido e eficaz e tratar de evitar, na medida do posible, xudicializados.

FEPMC-UGT MANIFESTA A SÚA DESCONFORMIDADE COA ACTITUDE DA XUNTA NO CONFLITO DE NATURGY

Dende o día 16 os traballadores e traballadoras galegas de Unitono e Teleperformance deixaron de prestar o servizo telefónico de atención ao cliente de Naturgy

Redacción.- A Federación galega de Servizos, Mobilidade e Consumo (FePMC-UGT-Galicia) manifesta a súa total desconformidade co xeito de actuar da Xunta no conflito de Naturgy que derivou, finalmente, na desviación das chamadas de atención ao cliente a Colombia e Cataluña. UGT xa viña denunciando dende había meses que isto sucedería.

Esta decisión da eléctrica supuxo que dende o día 16 de novembro deixaron de atenderse dende Galicia os clientes de Naturgy e a consecuencia máis inmediata foi o fin da estabilidade laboral de 130 traballadores e traballadoras de Unitono en Ourense e tamén supuxo que a empresa Teleperformance na Coruña perdese o mesmo servizo e tivese que reubicar a todos os seus traballadores. A pesar das mobilizacións dos traballadores e de todo o esforzo que estes fixeron para denunciar a

situación, e mesmo reunirse coa Xunta, esta limitouse a dicir que non podía facer nada.

A Xunta non fixo nada e aos poucos días adxudica un contrato a Naturgy. Unha labazada para os traballadores de Ourense e Coruña. Premia a empresas que destrúen emprego en Galicia. Pero resulta que a Xunta non só non fixo nada, senón que acaba de adxudicarlle un contrato de máis de 100 millóns de euros a Naturgy. Dende FePMC-UGT Galicia entendemos que estas actitudes son unha labazada por parte da Xunta, non só para os traballadores e traballadoras de Ourense e da Coruña, senón tamén para todos os galegos e galegas porque parece que se premia con contratos públicos a empresas que destrúen o traballo estable en Galicia.

Urxe que as administracións lexislen para evitar a deslocalización de servi-

zos e que comecen a facer uso da Lei de contratación pública, buscando a calidade do servizo e condicións laborais dignas e non só o baixo custe. Creemos que é hora de que as administracións públicas lexislen para evitar a deslocalización de servizos, que só da lugar ao empobrecemento dos traballadores galegos, e que tamén se empece a facer uso da Lei de contratación pública, non só buscando o servizo máis barato, senón tamén o mellor para os cidadáns, garantindo a proximidade de atención e que os traballadores e traballadoras gocen dunhas condicións laborais dignas. Dende FePMC-UGT Galicia cremos que a política está para servir aos cidadáns e que as administracións coma a Xunta deben dar exemplo. Non todo vale cando estamos a falar do futuro de todos os traballadores e traballadoras do sector e, neste caso, especialmente, os traballadores de Unitono e Teleperformance.

UNHA NOVA COMISIÓN EUROPEA PARA FORTALECER O PROGRESO E A IGUALDADE SOCIAL

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores felicita ao equipo que compoñerá a nova Comisión Europea (CE) proposta por Ursula Von der Leyen, a súa nova presidenta, que foi ratificado o día 27 de novembro pola maioría dos grupos políticos do Parlamento Europeo. Foi un proceso difícil e non exento de controversias.

UGT lembra á CE a urxencia en conseguir e poñer en práctica de maneira efectiva moitos dos temas que quedaron pendentes por parte do anterior equipo de goberno do executivo comunitario, que deixou sobre a mesa ou nos que non se chegou a traballar de maneira eficiente e decidida, entre eles:

- Profundar nos valores fundacionais da Unión Europea, únicos capaces de combater o ameazante crecemento da extrema dereita e continuar apostando pola cooperación entre os pobos do continente nun espazo de desenvolvemento que asegure a liberdade, a igualdade, a solidariedade e a xustiza social.

- Folla de ruta sobre o desenvolvemento e aplicación nos tratados do Pilar Europeo de Dereitos Sociais, xa que, sen actuar de maneira perentoria en favor da Europa Social, o futuro da Unión Europea (UE) tórname máis que incerto. O próximo mandato da Comisión Europea debe ter como eixo principal o desenvolvemento dos dereitos sociais (educación de calidade, aprendizaxe continua, prevención de riscos laborais, adecuada protección social, conciliación e vivenda digna, servizos sociais de progreso).

- Esta nova Comisión debe ser a defensora da Europa das persoas máis vulnerables e que máis esquecidas foron coas políticas dos últimos anos: mozos, parados de longa duración e pensionistas. Todos e todas requiren dunha estratexia que garanta non xa servizos de asistencia puramente pasiva senón, sobre todo, os seus dereitos sociais como son o dereito ao traballo e a súa autonomía vital nos seus múltiples aspectos (vivenda, educación, cultura, etc.).

- Europa ten a obrigação de acoller a persoas migrantes e respectar a xustiza, protexéndoos da explota-



ción de todo tipo, garantindo os seus dereitos humanos, valor esencial inmanente á Unión Europea. Isto irá tamén en beneficio do noso envellecido continente.

- Debemos avanzar decididamente cara a unha Europa da transición xusta e do desenvolvemento sustentable e para iso a nova economía dixital e a transición enerxética son realidades que deben xestionarse desde a democracia, a participación dos interlocutores sociais en todos os ámbitos e acompañándose dunha política industrial que cre emprego de calidade nos territorios con maior problemática social. As novas formas de emprego deben ser abordadas desde a perspectiva dos dereitos sociais.

- Os Empregos de calidade e converxencia salarial á alza son o mellor remedio contra a extrema dereita. Fan falta xa novas políticas económicas progresistas e sustentables e a reforma urxente do inxusto e antisocial semestre europeo, introducindo ferramentas sociais de igual valor normativo. As políticas de creación de emprego de calidade, así como a posta en marcha dun instrumento europeo de obrigado cumprimento para fortalecer a negociación colectiva e a creación dun salario mínimo xusto e decente, que permitan redución dos desequilibrios salariais son un instrumento imprescindible fronte á pobreza laboral e social en Europa.

- A igualdade de trato e oportunidades é un dos valores fundamentais da Unión Europea. A eliminación da brecha salarial e a violencia de xénero deben ser obxectivos básicos

deste mandato. É imprescindible, igualmente, un compromiso radical contra aqueles que promoven o odio por calquera tipo de motivo (orientación sexual, raza, credo, ideoloxía, etc.).

- Europa debe ter unha fiscalidade máis equitativa e os seus sistemas fiscais deben ser máis xustos e progresivos para que a distribución da riqueza sexa máis igualitaria e finánciense de maneira máis eficaz os servizos públicos e a protección social. A UE debe liderar a loita contra a evasión, a elusión e a fraude e os paraísos fiscais no mundo.

Para todo isto, é imprescindible exercer e fortalecer o diálogo social, a negociación colectiva e a participación dos traballadores e traballadoras, porque así se corrirán os desequilibrios xerados por políticas de austeridade que resucitaron ideoloxías que creíamos mortas.

A defensa e promoción dos Dereitos Humanos, a Axenda 2030 e os ODS, do tripartismo e a defensa acérrima da legalidade internacional, a democracia, a participación, a liberdade e a igualdade, e do Estado social e de dereito no mundo, deben ser os eixos de acción de todas as políticas da Unión. Europa debe seguir sendo o baluarte do progreso e da xustiza social global.

UGT seguirá traballando no marco da Confederación Europea de Sindicatos para a consecución destes obxectivos, de maneira que a Comisión non esqueza a súa obrigação de atender as principais preocupacións da cidadanía europea: dereitos, democracia, igualdade, traballo, medioambiente, xustiza e liberdade.

MÁIS RECURSOS PÚBLICOS PARA GARANTIR UNS COIDADOS EFICIENTES E DE CALIDADE

Redacción.- A secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social de UGT, e presidenta en funcións do Consello Económico e Social (CES), Mari Carmen Barrera, afirmou a necesidade de “abordar o acceso a uns coidados de longa duración alcanzables e de calidade, preséntase como un dos principais retos dos sistemas de protección social”.

Mari Carmen Barrera realizou estas declaracións durante unha xornada sobre Dependencia organizada na sede do CES, onde lembrou que este organismo está a elaborar, “por propia iniciativa, un informe sobre o Sistema de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia”.

Iniciativa que se une á Memoria sobre a situación socioeconómica e laboral de España que o CES realiza cada ano, e que inclúe sempre, dentro do seu capítulo III “Ca-

lidade de vida e cohesión social”, unha sección á análise da atención á dependencia e os servizos sociais.

Unha análise que manifesta que “a protección social das persoas maiores, ao estar fortemente influída pola evolución demográfica, debe ser vista como un aspecto máis, aínda que de gran relevo, dentro do conxunto de estratexias orientadas a dar resposta aos retos do envellecemento”. Pero, ademais, Barrera considerou que “este é un tema que reviste especial importancia tamén desde a perspectiva de xénero, o que é tanto como dicir desde a perspectiva da igualdade”.

Neste sentido, afirmou que “estamos nun terreo no que os riscos de desigualdade aparecen, tanto desde a perspectiva de xé-



nero e desde a de idade, como desde a máis xeral das situacións de desigualdade económica que poden chegar a traspasar os limiares da pobreza. Estamos nun terreo no que é fundamental a acción equilibrada das políticas públicas, como as de atención á dependencia”.

Para a presidenta en funcións do CES, “aveciñase unha crise dos coidados e hai que poñer todos os recursos suficientes para soliviantala. É un dos nosos grandes retos”.

O BAIXO NIVEL DE DIXITALIZACIÓN DAS NOSAS EMPRESAS ESTÁ LASTRANDO O CRECEMENTO ECONÓMICO

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores denuncia que o escaso nivel de dixitalización das empresas está a lastrar o crecemento económico do noso país. O gasto empresarial en TIC descendeu un 25% no último ano (1.100 millóns de euros menos en só un ano), e xa gastamos menos que en 2017, algo incomprensible para o sindicato.

O informe “Dixitalización da empresa española”, elaborado por UGT, reflicte que a transformación dixital non está a ser secundada polo tecido empresarial español, e isto está a producir que, a pesar de ter unha masiva presenza de computadores e conexións a Internet, os traballadores e traballadoras están pouco formados en competencias dixitais e estas tecnoloxías son pouco aproveitadas para o crecemento da produtividade e a competitividade.

Para UGT, a dixitalización do tecido produtivo español é profundamente deficitaria e decepcionante: o seu ritmo non só non progresa, senón que tende a retroceder, como consecuencia dunha xeneralizada falta de investimento en novas tecnoloxías, innovación e I+D. Por exemplo, das 15 magnitudes TIC analizadas entre 2018 e 2019, en seis delas rexístranse retrocesos (-3% de empresas usan big data), noutras catro presentan un crece-

mento plano (menor ao 15%) e ningunha supera o 5% de crecemento interanual.

Eurostat sitúa a España no posto 22 (de 28 posibles) en empresas con alto nivel de intensidade dixital. No outro extremo, a nosa economía lidera a lista negra de empresas con baixo nivel de intensidade dixital: un 57% do total, quinto posto da Unión nunha clasificación tan negativa. Mentres todas as economías do mundo afrontan este proceso con decisión, as empresas do noso país o que fan é acubillarse no furgón de cola da Unión Europea, quedándose moi lonxe dos progresos necesario para competir en contornas dixitais.

O sindicato chama poderosamente a atención ao feito de que o número de empresas con presenza en redes sociais triplique ás que venden os seus produtos por Internet. Esta circunstancia mostra a pouca preparación e sensibilización das empresas respecto do reto do dixital. As tecnoloxías máis vangardistas, como o cloud computing, o big data, os robots ou as impresoras 3D, teñen unha presenza case testemuñal.

Como consecuencia, as empresas están a renunciar a formar novas súas plantillas. Hoxe, 10,7 millóns de persoas traballadoras non se forman nunca en

competencias dixitais. Se temos en conta que case 12 millóns de concidadáns (o 33,5% da poboación) non é capaz de manexarse en contornas dixitais tan comúns hoxe en día como as redes sociais e software de uso laboral, e outro 21% (7,6 millóns de persoas) só acredita habilidades dixitais básicas, estamos a condenar a empregabilidade a medio prazo dunha gran parte da nosa forza laboral.

Ademais, UGT denuncia que, a pesar de que a presenza de computadores e conexión a Internet é universal, a súa dispoñibilidade é desaproveitada de forma xeneralizada e apenas alcanza á metade das persoas traballadoras contratadas. Só o 60% das persoas traballadoras españolas usan un computador conectado a Internet como parte do seu traballo e unicamente á metade dótallas dalgún dispositivo móbil con conexión dixital.

Para o sindicato, a presenza de empregados cualificados en TIC atópase no peor momento da historia: só o 17,5% das empresas empregan a estes especialistas, a cifra máis baixa desde que se teñen datos. Obviamente, o mito de que existen miles de empregos destas características sen cubrir non resiste unha mínima análise: unicamente o 3,33% das empresas españolas tiveron problemas para cubrir algunha vacante de especialista TIC.